- Exames técnicos para árbitros da Federación Galega de Fútbol: o Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol fixo os seus exames técnicos no campo de fútbol e pista de atletismo, para 160 árbitros da provincia de Pontevedra
- Probas físicas para árbitros para a Federación Galega de Fútbol: O Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos
- Curso de cronometraxe Sportident da Federación Galega Orientación
- Xornadas de tenis do Colexio O Castro International School
- Torneo de fútbol americano organizado polo equipo Vigo Guardians, con 200 participantes
- Adestramentos do equipo de atletismo Sociedad Atlético Val Miñor
- Xornadas de atletismo do IES Auga da Laxe de Gondomar
- Visitas do alumnado do Mestrado en Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais e o Máster de Enerxía e Sustentabilidade á instalación de enerxía solar do pavillón universitario
- Demostración de vehículo aéreo non tripulado (UAV) nas instalacións deportivas polo departamento de Enxeñería de Recursos Naturais e Medioambiente

- Xornadas de Atletismo do CEIP Coutada-Beade para alumnado de Educación Primaria
- Curso de Intelixencia emocional no traballo e control do estrés organizado pola Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade
- Torneos de San Teleco de fútbol sala, baloncesto e tenis de mesa
- Torneo de Santa Bárbara de fútbol sala e Carreira de Santa Bárbara, organizado pola delegación de alumnos da Escola de Minas.
- Taller de Antropometría na aula do Edificio de Deportes e dentro do Máster de Nutrición da Universidade de Vigo
- Clases de Expresión Corporal e Danza do Máster en Artes Escénicas da Universidade de Vigo
- Visita ás salas de caldeiras das instalacións deportivas dentro do Máster en Enseñería da Construcción da Universidade de Vigo
- Obradoiro “A voz como ferramenta de traballo” organizado polo Servizo de Prevención da Universidade de Vigo
- Xornadas Escolares de Atletismo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia durante o mes de abril
- Torneo Grupo de Empresas PSA de Fútbol Sala, no Pavillón de Deportes, para traballadores das súas empresas
- Actividades de Zumba e de Xogos Populares, organizadas pola ESN, Asociación de estudantes Erasmus, na Sala de Usos múltiples do Edificio de Deportes
- Organización da II Competición de Robótica da Escola de Enxeñeiros Industriais no campo de fútbol



## ***7. Actividades de formación e divulgación***

### *7.1. Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva*

#### 7.1.1 Créditos por participar en escolas deportivas

- Campus de Ourense: aquagym, orientación, tenis, xadrez, pádel e rugby
- Campus de Pontevedra: aeróbic + powerpump, pilates, tenis, danzas orientais e artes marciais, taichí e xadrez
- Campus de Vigo: ioga, natación, tenis e xadrez

#### 7.1.2 Créditos por participación no programa Rutas culturais

Por cada tres rutas nas que se participe concédese un crédito ECTS, ata un máximo de dous ECTS.

#### 7.1.3 Créditos por asistencia a competicións universitarias

Os estudantes que representan a Universidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España universitarios reciben créditos, así como aqueles estudantes que participan en campionatos mundiais e europeos universitarios, ademais de universiadas.

#### 7.1.4 Créditos por representación en competicións federadas

Estudantes que representen a Universidade de Vigo con algún dos seus equipos en competicións federadas oficiais.

#### 7.1.5 Créditos por participar en actividades de voluntariado deportivo

Voluntariado na HappyGoRunning ou outros eventos deportivos universitarios.

#### 7.1.6 Créditos por participación no programa Ponte en forma

Concédesse un crédito ECTS por 30 horas de práctica deportiva.

### *7.2. Bolsas e prácticas de estudos do alumnado.*

Varios estudantes tiveron a oportunidade a través da Área de Benestar, Saúde e Deporte, de adquirir experiencias pre-profesionais a través do seu programa de bolsas de formación complementaria e de colaboración.

Así, as persoas beneficiarias das bolsas iniciáronse en tarefas que, ou ben estaban vinculadas aos seus estudos ou ben lles servían de aprendizaxe laboral en tarefas relacionadas con eles, incorporáronse a un contorno de traballo real na administración universitaria.

#### 7.2.1 Bolsas de formación complementaria: internacionalización e comunicación (Campus de Vigo)

Estas bolsas facilitan que estudantes da Universidade de Vigo presten a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos. Durante o curso 2015/2016 foron convocadas dúas bolsas, cuxa duración foi de oito meses a razón de 20 horas semanais de dedicación:

- unha alumna bolseira do último curso do Grao en Tradución e Interpretación para o apoio ás estratexias de internacionalización
- unha alumna bolseira do mestrado en Dirección de Arte en Publicidade para o apoio na comunicación web e redes sociais

#### 7.2.2 Alumnado Erasmus en prácticas

Seis alumnos de distintas universidades europeas realizaron estancias de prácticas por períodos de tres ou catro meses na Área de Benestar, Saúde e Deporte:

- no primeiro cuatrimestre unha estudante de Finlandia (Universidade de Turku) e unha estudante de Polonia (Universidade Nicolaus Copernicus)
- no segundo cuatrimestre: dous estudantes de Italia (Universidade Urbino Car-

lobo e Universidade do Estudo de Brescia), unha estudante de Francia (Universidade Blaise Pascal de Vichy) e unha estudante do Reino Unido (Universidade de Oxford).


### 7.2.3. Traballos fin de grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (Campus de Ourense)

- Yésica Vázquez Dapía: “Adherencia de la dieta de estudiantes universitarios a los patrones mediterráneos y su relación con la composición corporal”.
- Cristina Pernia Vega: “Práctica de actividad física e insatisfacción corporal en universitarios”.

### *7.3. Programa Outdoor Campus de desenvolvemento de competencias*

Realizáronse catro sesións de sensibilización nas competencias de traballo en equipo e liderado:

- Máster en Oceanografía: Campus de Vigo, 29 de setembro de 2015
- Mentores da Escola de Telecomunicacións: Campus de Vigo, 3 de outubro de 2015
- Máster en Intervención Educativa: Campus de Ourense, 9 de outubro de 2015
- Máster en Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica, 28 de novembro de 2015





## 8. Outras actuacións

### 8.1. Calidade

#### 8.1.1. Xestión de queixas e suxestións

A Área de Benestar, Saúde e Deporte dispón de diferentes vías de recepción das queixas, suxestións e parabéns das persoas usuarias: aplicación QSP da Universidade de Vigo, correos electrónicos, mensaxes e comentarios nas súas redes sociais (Facebook e Twitter) así como as caixas de correo físicas que se atopan nas instalacións deportivas.

Ao longo do presente curso recibíronse un total de 16 queixas, 2 suxestións e 1 parabén sobre os seguintes aspectos:

	Temática	Nº
<b>Queixas</b>	Procedementos administrativos (inscrición, reserva, pagamento, outros)	2
	Organización e oferta de actividades	10
	Atención e información ao público	3
	Limpeza e mantemento das instalacións ou do equipamento	1
<b>Suxestións</b>	Oferta de actividades	2
<b>Parabéns</b>	Atención e información ao público	1

## *8.2. Internacionalización*

### **Panel de expertos da UE sobre promoción da saúde a través da actividade física**

Lisboa, 25-26 de xuño

O panel de expertos está conformado por un representante de cada estado membro da UE, pola Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea e por representantes de institucións invitadas en calidade de observadores para achegar ideas, puntos de vista e propostas no eido da saúde e na loita contra o sedentarismo. As universidades europeas estiveron representadas por Javier Rial, responsable da Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo, como membro de ENAS, a Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios.

Este grupo de expertos é un dos cinco derivados do novo plan de traballo da Unión Europea para o deporte 2014-2017. O seu cometido concreto é o de xerar documentos con recomendacións para motivar ás persoas na práctica deportiva dende as escolas, sobre todo cando o sedentarismo e a obesidade son problemas cada vez máis presentes nos países do continente.

A partir destas liñas, a UE quere delimitar exemplos de boas prácticas, iniciativas que se poidan poñer en marcha en todos os países e que aumenten a participación e as condicións que favorezan estilos de vida saudables.

### **Conferencia anual e participación no Comité Executivo da Rede Europea de Deporte Universitario (ENAS)**

Continuou durante o curso 2015/2016 a participación activa da Área de Benestar, Saúde e Deporte dentro da rede ENAS.

Javier Rial segue a formar parte do seu comité executivo e representou á Universidade de Vigo na conferencia anual da rede que tivo lugar en Berlín durante a segunda semana de novembro de 2015.

### **Train and Talk**

O programa estivo centrado na formación de grupos de persoas interesadas

en simultanear a práctica de diferentes modalidades deportivas e a práctica de idiomas. Así, esta iniciativa estivo xestionada por estudantes Erasmus en prácticas de Rumanía, Polonia e Finlandia.

### **Participación no proxecto Active Campus Europe (ACE)**

Vigo participa na posta en marcha dunha rede europea de campus saudables para combater o sedentarismo.

En total forman parte del 16 universidades de sete países, coordinadas pola University of Aachen, para desenvolver a nivel europeo un programa de mobilización das persoas da comunidade universitaria sedentarias ou pouco activas. En cada un dos sete países foron seleccionadas dúas universidades, agás en Alemaña, onde se incorporan todas as universidades do lãnder de Renania do Norte-Westfalia.

No caso de Active Campus Europe non se trata de fomentar o deporte e a competición, senón de incentivar os hábitos saudables e loitar contra o sedentarismo. Pero a rede que se tece entre as universidades neste tipo de proxectos fai que xurdan estas novas iniciativas, e de feito, Active Campus Europe está impulsada por un membro de Enas, Peter Lynen, da University of Aachen e conformada por universidades que tamén son membros da asociación, da que Rial é membro do comité executivo.

### **Participación na I Semana Europea do Deporte**

A Universidade de Vigo participou cunha competición de xeocaching denominada “Find the Hidden Treasures around the Campus of Vigo”.

O evento tivo lugar o 10 de setembro coa participación de 25 estudantes de 11 países. A actividade repetiuse para os estudantes do colexio O Castro International British School o día 11, contando coa participación de 45 alumnos e alumnas.

O evento foi seleccionado polo Consejo Superior de Deportes como un dos tres eventos en España que gañou o “Certificado de Reconocimiento por la implicación de las actividades desarrolladas”.

A Semana Europea do Deporte tivo como obxectivo promover a participación e a sensibilización sobre a importancia do deporte e da actividade física. A primeira edición tivo lugar do 7 ao 13 de setembro de 2015 e contou coa participación de 34 países.

En España organizáronse 71 eventos.

### *8.3 Voluntariado*

#### *8.3.1 HappyGoRunning*

No décimo aniversario do noso evento por excelencia contamos coa inestimable colaboración de 60 voluntarias e voluntarios que participaron en funcións de secretaria, avituallamento, preparación de circuito, seguridade, entre outros.

A resposta da comunidade universitaria é única neste sentido e xa antes de abrir o período de inscricións contabamos con moitas solicitudes. Ademais contamos non só con estudantado, senón tamén con persoal de administración e servizos.

As persoas voluntarias recibiron formación previa, contaban cun seguro de accidentes, ademais dun agasallo conmemorativo.

#### *8.3.2 Outros eventos*

Ao longo do curso escolar contamos cun número total de 30 persoas voluntarias que colaboraron na organización de diversas actividades organizadas nos tres campus como: Maratón de Zumba, campionatos internos, campionato galego Orientación, trofeo Universidade de Vigo de Orientación, entre outros.

### *8.4. Igualdade*

A Área de Benestar, Saúde e Deporte continuou traballando na incorporación da perspectiva de xénero no seu día a día tanto no deseño da oferta de actividades, na publicidade empregada, no uso de linguaxe inclusiva ou na presentación dos seus resultados.


A porcentaxe de participación do xénero feminino mellorou lixeiramente respecto dos cursos anteriores en practicamente todos os programas de

actividades analizadas aínda que seguiu a ser moi baixa nalgúns deles como por exemplo ás competicións internas ou a reserva das instalacións para uso libre.



PROGRAMA	2014/15	2015/16
Inscripcións en actividades de iniciación deportiva ou no medio natural	52,11 %	57,86 %
Inscripcións en entidades colaboradoras (ximnasios)	49,52 %	50,34 %
Total persoas usuarias	38,92 %	38,30 %
Abonos	35,59 %	37,63 %
Inscripcións en competicións interuniversitarias	26,59 %	35,69 %
Programas de exercicio físico nas salas cardio-fitness	30,24 %	33,29 %
Asistencia ás instalacións propias	21,45 %	25,57 %

## Evolución da participación feminina nos diferentes programas deportivos



### 8.5. Excelencia deportiva

No transcurso da Gala do Deporte fíxose entrega dos VI Premios á Excelencia Deportiva, no que foron destacados os seis estudantes (tres homes e tres mulleres) que xuntaron máis méritos na suma dos seus resultados deportivos e académicos.

Os galardoados desta edición foron: Ingrid Gómez Schroth, Marta Canella Rodríguez, Judith Rodríguez Menéndez, Diego Paz Sobreira, Manuel Jesús Rodríguez Fernández e Pablo García García.

### Recoñecementos

Premios Smile Festival 2016: A campaña MUVERS acadou tres premios no Smile Festival 2016:

- Mellor Innovación en Campaña Publicitaria
- Mellor naming
- Mellor Creatividade en Identidade Corporativa

### *8.6. Formación do persoal propio*

Acción formativa: Adaptación do Servizo de Extensión Universitaria á LOPD. Protocolos e procedementos. Desenvolvido nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo. 3 horas de duración, segunda quincena de febreiro de 2016.

### *8.7 Programa de actividades para o alumnado sénior*

A proposta deportiva sénior foi presentada pola Área de Benestar, Saúde e Deporte no mes de xullo de 2016 e está orientada aos alumnos e alumnas do Programa para Maiores, que suman 490 entre os tres campus da Universidade de Vigo.

Constitúe unha selección de actividades físico-deportivas saudables orientadas non á competición, senón á promoción do benestar. Deste xeito, inclúe tanto recursos comúns abertos a toda a comunidade universitaria como outros específicos orientados a este colectivo cada vez máis numeroso e participativo.





## 9. Servizos e vantaxes

### 9.1. Tarxetas deportivas universitarias

As tarxetas deportivas universitarias proporcionan acceso libre e individual ás instalacións deportivas da Área de Benestar, Saúde e Deporte. Entre as diferentes modalidades atopamos a TDU Básica, que permite o acceso gratuíto ás instalacións deportivas da Universidade; a TDU Aqua, que engade ó anterior o acceso ós centros Aqua para o nado libre, o jacuzzi e a sauna e a TDU Dobre coa que o usuario ten dereito a gozar de todos os servizos.

Durante este curso 1514 persoas adquiriron un total de 1894 destes abonos (43,1 % da modalidade anual, 45,8 % da cuadrimestral e o 11,1 % para o verán).

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
TDU básica	519	435	954	231	150	381	367	103	470
TDU aqua	10	4	14	-	-	-	42	23	65
TDU dobre	-	4	4	-	-	-	1	6	7
<b>Total</b>	<b>529</b>	<b>443</b>	<b>972</b>	<b>231</b>	<b>150</b>	<b>381</b>	<b>410</b>	<b>132</b>	<b>542</b>

### 9.2. Tarxetas Ponte en forma

Ponte en forma é un programa de exercicio físico personalizado en función das condicións físicas de cada usuario e tendo en conta os obxectivos que se pretenden acadar. Está destinado a aquelas persoas da comunidade universitaria que non estean familiarizadas coa práctica deportiva, por iso se conta,

ao longo de todo o proceso, cun seguimento técnico e médico deportivo que permite ir adaptando o programa dun xeito personalizado aos progresos e necesidades de cada persoa usuaria.

Durante este curso 169 persoas adquiriron un total de 182 destes abonos (36,3 % na modalidade anual e 63,7 % na cuadrimestral).

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
PEF básica	19	14	33	24	27	51	26	24	50
PEF aqua	1	1	2	-	-	-	-	3	3
PEF dobre	-	2	2	-	-	-	1	-	1
<b>Total</b>	<b>20</b>	<b>17</b>	<b>37</b>	<b>24</b>	<b>27</b>	<b>51</b>	<b>27</b>	<b>27</b>	<b>54</b>

### 9.3. Centros Deportivos Abertos

Os acordos de colaboración con outros centros deportivos supoñen un aumento das opcións entre as cales os usuarios poden escoller en función das súas necesidades, con diferentes horarios, actividades, emprazamentos e prezos. Os interesados tiveron a opción de escoller entre determinados centros de fitness, tanto públicos como privados, que contan con diversas actividades e o asesoramento de monitores. Desta maneira o exercicio pódese adaptar ás condicións físicas de cada usuario facilitando que adquira o hábito da práctica deportiva.

No curso 2015/2016 contamos con tres centros colaboradores no Campus de Ourense, cinco en Pontevedra e nove no de Vigo, que deron a oportunidade de practicar actividade física de xeito regular a 669 persoas.

	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Club Ourense Atletismo	5	7	12						
Sabrosura	4	39	43						
Saraiba	1	1	2						
Budo				13	17	30			
Campolongo				7	5	12			


	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total	Masc.	Fem.	Total
Rías do Sur				-	4	4			
Aquasport							34	15	49
Coliseum							88	88	176
Lanzalía							94	82	176
Simón							14	13	27
AD Kiap							-	-	-
Tao							7	1	8
Escola Vigo							-	-	-
Vigo Entrena							2	-	2
Viva Gym							69	59	128
Total	20	45	57	20	26	46	308	258	566

#### 9.4. Descontos para a comunidade universitaria

A Área de Benestar, Saúde e Deporte ten tamén acordos de colaboración asinados con entidades privadas do ámbito do deporte. Estes acordos permítenlle á comunidade universitaria gozar dun amplo abano de descontos en clínicas de fisioterapia, tendas de material e roupa deportiva, ximnasia ou centros deportivos.

As entidades colaboradoras son as seguintes:

- Centros deportivos: Ximnasio Athenas, Ximnasio El Castro, Gaia Gestión Deportiva S.L., L. Max, Penta Deporte e Saúde, Círculo Mercantil e Industrial de Vigo
- Clínicas de Fisioterapia: Clínica de rehabilitación Fisiourense, Físio Estrada, Fisioterapia Marga Saborido, Fimega Fisioterapia Médica de Galicia S.L. Galifísio C.B. Amad Promoción de Salud S.L. e Centro de Fisioterapia Urzái
- Tendas de deporte: Deportes Jalda (Vigo), Deportes González (Porriño), Turini Sport (Ourense)
- Outros servizos: Estelas Náutica, Prado Surf Club



## 10. Instalacións deportivas

### 10.1. Xestionadas pola Área de Benestar, Saúde e Deporte

#### 10.1.1. Ocupación das instalacións de uso colectivo

		Horas de ocupación	% ocup. comun. universitaria	% ocup. persoas alleas
OURENSE	Campo de herba sintética	1.864,73	8,34 %	91,66 %
	Pista de atletismo	46,00	71,74 %	28,26 %
	Pista polideportiva (pavillón)	2.036,00	51,52 %	48,48 %
	Pistas de tenis (2)	935,12	40,91 %	59,09 %
	Pistas de squash (2)	756,50	49,18 %	50,82 %
	Total campus Ourense	5.638,35	35,33 %	64,68 %
PONTEVEDRA	Pista polideportiva (pavillón)	1.837,81	23,75 %	76,25 %
	Tenis de mesa (1)	15,00	100 %	0,00 %
	Total campus Pontevedra	1.852,81	24,37 %	75,64 %

		Horas de ocupación	% ocup. comun. universitaria	% ocup. persoas alleas
VIGO	Aula para cursos	55,00	83,64 %	16,36 %
	Campo de herba natural	300,00	5,17 %	94,83 %
	Campo de herba sintética	990,51	22,15 %	77,89 %
	Pista de atletismo	265,00	55,84 %	44,16 %
	Pista polideportiva (pavillón)	1.564,30	49,44 %	50,56 %
	Pistas de tenis (2)	575,72	92,86 %	7,14 %
	Sala cardio-fitness	127,25	100,00 %	0,00 %
	Sala de xadrez	299,00	100,00 %	0,00 %
	Sala multiusos	542,00	100,00 %	0,00 %
	Zona de tenis de mesa (5)	494,60	99,35 %	0,65 %
	Total campus Vigo	5.213,38	61,31 %	38,69 %
<b>Total 3 campus</b>	<b>12.704,54</b>	<b>40,34 %</b>	<b>59,67%</b>	

### 10.1.2. Ocupación das instalacións de uso individual

OURENSE	Total usos	% uso com. univ.	% uso externo	% uso homes	% uso mulleres
Pista de atletismo	2235	40,14 %	59,86 %	84,83 %	15,17 %
Sala de cardio-fitness	32552	52,63 %	47,35 %	75,91 %	24,06 %
Sala de ciclo indoor	1468	88,69 %	11,31 %	22,62 %	77,38 %
Total Ourense	36255	53,32 %	46,11 %	74,30 %	25,67 %

PONTEVEDRA	Total usos	% uso com. univ.	% uso externo	% uso homes	% uso mulleres
Sala de cardio-fitness	9978	80,35 %	19,65 %	72,49 %	27,51 %

VIGO	Total usos	% uso com. univ.	% uso externo	% uso homes	% uso mulleres
Bicicletas BTT	7	51 %	49 %	99 %	1 %
Circuíto de footing	-	-	-	-	-
Pista de atletismo	164	6,10 %	93,90 %	84,15 %	15,85 %
Rocódromo	11	22 %	88 %	99 %	1 %
Sala de cardio-fitness	18107	79,53 %	20,47 %	81,95 %	18,05 %
<b>Total campus Vigo</b>	<b>18289</b>	<b>78,83 %</b>	<b>21,17 %</b>	<b>81,98 %</b>	<b>18,02 %</b>

<b>Total 3 campus</b>	<b>64522</b>	<b>70,83 %</b>	<b>28,98 %</b>	<b>76,26 %</b>	<b>23,73 %</b>
-----------------------	--------------	----------------	----------------	----------------	----------------

## 10.2. Relación das entidades usuarias

### 10.2.1. Campus de Ourense

#### Pista polideportiva

- Abo Júnior
- Equipo de baloncesto universitario Campus de Ourense
- Escola de voleibol
- ABO. Asociación de Baloncesto de Ourense
- Infantil feminino Blanco Amor
- Club Balonmán Auria
- Pavillón feminino de baloncesto
- Ofiteca F.S.
- Delegación Ourenzá de Baloncesto
- Delegación Ourenzá de Balonmán
- Consello Municipal dos Deportes (CMD)

#### Pistas de tenis

- Escola Deportiva de Tenis
- Club Tenis Dereito-Empresariais
- Centro de formación TAFAD

#### Campos de fútbol 7

- Club Rugby Universitario
- Club Atletismo Aurum
- Federación Galega de Atletismo
- Triatlón Room 04
- Cafetería Graduado
- Aurianet Rairo

#### Pavillón F7

- Maristas Ourense
- Colexio A Purísima
- Empresa Montañesa
- C.D. Ourense
- Asociación Liga Fútbol Veteranos Ourense
- Café Aventura
- Asociación Fútbol 7 Ourense
- Delegación de Árbitros F.G

#### Pista de atletismo

- Deportistas federados da provincia de Ourense
- Academia Foris
- Federación Galega de Atletismo
- Instituto A Farixa, módulo TAFAD
- La Región + Deporte

#### 10.2.2. Campus de Pontevedra

- Clube Baloncesto Arxil
- Garda Civil de Pontevedra
- Escola Hungaresa de Esgrima
- Ximnasio Ardeas - Escola de ximnasia para persoas maiores

#### 10.2.3. Campus de Vigo

#### Pavillón

- Liga Metropolitana
- Celta Bosco de Baloncesto
- Baloncesto Puerto Vigo



- Residencia O Castro
- Grupo de Empresas PSA Vigo
- Lume Fútbol Sala
- Colexio Los Sauces
- C.B. Xestas de Baloncesto
- AA.VV. de Zamáns
- Vigo 2015 Fútbol Sala

#### Campo de fútbol de céspede sintético

- Espacio 7
- Vigo Rugby Club
- Viza Automoción
- Torneo Amistad
- Vigo en Xogo
- Federación Galega de Fútbol
- Colexio Los Sauces
- Escola Galega de Adeptadores de Fútbol
- Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo
- Colexio Vigo
- Colexio O Castro International School

#### Campo de rugby

- Vigo Rugby Club
- Instituto da Guía
- Colegio Los Sauces
- IES Auga da Laxe de Gondomar

#### Pista atletismo

- Academia Estudio
- Academia Fonseca
- Instituto da Guía
- Club de Atletismo Porriño
- Colexio de Árbitros de Vigo
- Igrexa Evanxélica de Vigo
- Concello de Gondomar
- Club Alejandro Gómez
- Sociedade Atlética Val Miñor

### *10.3 Centros Deportivos Universitarios*

#### *10.3.1. AQA Ourense*

O centro conta con dúas piscinas, unha de 25 m x 16 m e outra de 16 m x 9 m; un vaso de hidromasaxe de 16 m x 2 m, unha sala de actividades dirixida e outra de fitness e tamén unha para masaxe.

O programa de actividades dirixidas ofertadas é moi amplo: pilates, aguagym, GAP, body tonic, step, aeróbic, fitball, aerobox e aerotono. Ademais tamén é posible asistir a clases de natación para persoas adultas (iniciación e perfeccionamento), para rapaces (iniciación e perfeccionamento), actividades para bebés e a matronatación.

#### *10.3.2. C.D.U. AQA Vigo*

Este complexo deportivo conta con varias salas acondicionadas para a práctica de diferentes disciplinas. Na zona de baño hai unha piscina de 25 metros, unha bañeira de hidromasaxe e dúas saunas. Ademais existe unha pista de squash, unha sala de ciclo-indoor, unha de cardio-fitness de 140 m<sup>2</sup>, outra de musculación de 200 m<sup>2</sup> e unha última destinada a actividades dirixidas, con 200 m<sup>2</sup>.

Entre as actividades que se realizaron durante o curso 2015/2016 destacan as seguintes

- Clases de ciclismo
- Clases de aqua zumba
- Clases de body balance
- Clases de GAP
- Escola de baile
- Cross fit
- Aquagym

Ademais destas actividades, ao longo deste curso leváronse a cabo outro tipo de iniciativas coa fin de mellorar os servizos e animar aos usuarios e ás usuarias a probar as distintas disciplinas deportivas. Entre elas destacamos:

- Másterclass Halloween
- Operación Kilo

- Competición de Nadal na piscina para os nenos e nenas dos cursos de natación
- Másterclass Pilates
- Másterclass Zumba
- Portas Abertas Water Festival para nais, pais e crianzas
- Xornadas de salvamento acuático para nenos e nenas
- Love Festival, entrada de balde para as parellas
- Festa de Entroido, concurso de disfraces con agasallos
- Celebración das Letras Galegas
- Competición/Exhibición de fin de tempada na piscina para escolares con invitación doutros centros de ensino
- Clases de iniciación no Kick Boxing e Full-Contact con exames correspondentes de graos para crianzas e persoas adultas
- Torneo de Press Banca

#### *10.4. Espazos non convencionais*

##### *10.4.1. Campus de Vigo*


A zona deportiva inclúe unha pista de terra compactada dun quilómetro de percorrido para practicar a carreira a pé.

Na contorna próxima do parque forestal de Beade, foron sinalizadas dúas rutas para o seu percorrido en bicicleta de montaña.

Existe un plano para a práctica do deporte de orientación, que inclúe dúas partes diferenciadas: o interior do campus e unha trazada en 2013 e que abarca a zona do parque forestal de Beade.

##### *10.4.2. Campus de Pontevedra*

Cóntase cun plano de orientación, que inclúe o campus universitario e a zona lindante da Illa das Esculturas.



## 11. Comunicación Web e Redes Sociais

### 11.1. Páxina web


No curso 2015/2016 aséntanse os procedementos electrónicos vía web que facilitan todos os trámites relacionados ca Área de Benestar, Saúde e Deporte. Inscricións, pagamentos, reservas, queixas e suxestións e, en xeral, todas as cuestións administrativas que relacionan ás persoas usuarias co Servizo realízanse telematicamente nun proceso que xa está plenamente normalizado.

A páxina web consta de dúas seccións ben diferenciadas: unha primeira de carácter informativo ([www.deportes.uvigo.es](http://www.deportes.uvigo.es)) e unha segunda máis orientada á xestión ([www.deporxest.uvigo.es](http://www.deporxest.uvigo.es)). Ao longo de todo o curso, a primeira delas recibiu un total de 63.562 visitas por parte de 32.337 persoas usuarias (46 % mulleres e 54% homes), cunha media de 2:23 minutos por visita e 2,74 páxinas visitadas por sesión. No caso da sección de xestión, o número de visitas foi de 72.367 por parte de 26.291 persoas usuarias (39% mulleres e 61% homes), cunha media de 5:17 minutos e 8,18 páxinas visitadas por sesión en cada unha delas.

- Número de visitas á web [www.deportes.uvigo.es](http://www.deportes.uvigo.es) durante o curso 2015/16



- Número de visitas á web [www.deporxest.uvigo.es](http://www.deporxest.uvigo.es) durante o curso 2015/2016



## 11.2. Redes Sociais

Co interese posto no crecemento da presenza da Área neste ámbito, seguimos apostando con firmeza pola imaxe das nosas redes, poñendo o foco naquelas persoas que forman parte da Universidade e que se preocupan por levar un estilo de vida saudable e por atopar a felicidade a través da actividade física, cultural e intelectual. Para iso traballamos especificamente na consolidación da imaxe de marca “Muvers”, introducida no curso anterior. Neste sentido, a rede que xerou máis movemento foi Facebook, pero tamén mantivemos presenza en Twitter, Youtube e, como novidade deste curso, Instagram.

### Facebook

A páxina oficial da Área de Benestar, Saúde e Deporte (<https://www.facebook.com/muversuvigo/>) continuou co seu crecemento, pasando de 2458 a 2824 persoas seguidoras (das cales o 47 % son homes, o 51 % mulleres e o 2 % restante son páxinas corporativas) converténdose actualmente na ferramenta preferente de comunicación da Área.

A media de publicacións da nosa páxina principal foi de dúas diarias e seguíronse tres liñas temáticas fundamentais: a promoción da práctica deportiva competitiva e de recreación, a sensibilización en valores e competencias transversais e os estilos de vida saudables, empregando para iso un amplo contido audiovisual.

Ademais da páxina principal, a Área de Benestar, Deporte e Saúde ten 5 páxinas secundarias e un grupo de facebook para dinamizar algúns dos seus programas específicos de actividade ou competición:

- HappyGoRunning Cidade Universitaria: <https://www.facebook.com/HappyGoRunning.CidadeUniversitaria>
- Rutas culturais: <https://www.facebook.com/Roteiros-Culturais-da-Universidade-de-Vigo-548875321809909/>

- Sección federada de atletismo: <https://www.facebook.com/AtletismoUVigo>
- Sección federada de tenis: <https://www.facebook.com/tenisuvigo/>
- Sección federada de xadrez: <https://www.facebook.com/XadrezUVigo/>
- Grupo Train & Talk: <https://www.facebook.com/groups/1644930032492112/>

### Twitter

A Área de Benestar, Saúde e Deporte conta cun perfil xeral en twitter (<https://twitter.com/MuversUvigo>) e outro específico para o campus de Ourense (<https://twitter.com/SDUvigoOU>).

Como corresponde á natureza do medio, durante este curso seguimos impulsando a interacción coas persoas usuarias a través das respostas ás preguntas que nos foron formuladas e do seguimento das reaccións dos nosos seguidores en canto aos hashtags e mencións relacionados coa Área.

Os datos evidencian unha progresión constante da nosa actividade nesta rede, cun aumento de 147 persoas seguidoras no noso perfil principal, que deron un resultado a final de curso dun total de 590. En canto a o movemento xerado, 180 dos nosos tweets foron retweeteados e 137 foron marcados como “me gusta” polos nosos seguidores.

### Youtube

A Área de Benestar, Saúde e Deporte dispón tamén dunha conta de youtube (<https://www.youtube.com/user/DeportesUVigo>) onde publica todos os seus vídeos. Durante o curso 2015/2016 os máis destacados en canto a seguimento foron os vídeos promocionais da imaxe “Muvers”. Durante este período de tempo recibimos 11.972 visitas (34% mulleres e 66 % homes) que reproduciron 15.084 minutos de contido de vídeo.

### Instagram

A finais do curso naceu o perfil oficial da Área de Benestar, Saúde e Deporte en Instagram (<https://www.instagram.com/muversuvigo/>), que actualmente chega aos 93 seguidores, con 30 publicacións. Temos o propósito de incrementar progresivamente a nosa presenza nesta rede social, que está ampliando de maneira manifesta a súa pegada nos tramos de idade propios daquelas persoas que son potenciais usuarios e usuarias da nosa Área.



## 12. Archivo de prensa

RUGBY ► División de Honor B

### El Vigo inicia la pretemporada con Tatafu en sus filas

El tongano estuvo a punto de firmar con el Getxo ► El rugby gallego espera una solución al problema de las pólizas de seguro

REDACCIÓN ■ Vigo

El primer equipo del Vigo Rugby Club, que esta temporada militará en la División de Honor B, ha comenzado los entrenamientos en el Club de Campo bajo la dirección técnica de Norman Maxwell, que en anteriores etapas formó pareja en el cuerpo técnico con David Monreal, en sus primeros años en la entidad olívica, y durante la pasada temporada con Alberto Mera.

La directiva del Vigo le entrega el mando en solitario al ex All Black, un auténtico especialista en motivación y que solía dejar los aspectos más estratégicos de la preparación a sus socios. Ahora también se encargará de la pizarra. El club se ha reforzado en su dirección deportiva con el regreso de Trostky, que en-

trenó al primer equipo durante varios años, además de apuntalar otras áreas en la directiva.

A partir de mañana los entrenamientos volverán a llevarse a cabo en el escenario habitual de Lagoas Marcosende. En la construcción de la plantilla, basada en gente de la casa, la principal novedad es la reincorporación de Maka Tatafu. El tongano, pieza clave durante los dos últimos ejercicios en División de Honor e incluso "tryman" el año pasado en la máxima categoría, apuntó al principio a seguir en Vigo, pese al descenso. Después, sin embargo, estuvo a un paso de aceptar la oferta del Getxo y así se lo comunicó a los dirigentes del Vigo Rugby. Aseguran desde el club que finalmente ha acordado con la directiva ju-

gar por tercera temporada consecutiva con la casaca olívica.

Su renovación afianza el poderío de la primera línea en una campaña marcada, de inicio, por la incertidumbre respecto al potencial de los adversarios. El Vigo no se marca el ascenso como objetivo prioritario, sino la consolidación a largo plazo de su proyecto de cantera. A corto plazo, son otras sus preocupaciones.

El Vigo Rugby Club, al igual que todas las entidades gallegas, está a la espera de que se llegue a un acuerdo desde la Federación Gallega con una aseguradora. Las directivas necesitan una póliza asumible por parte de los clubes para poder afrontar la temporada con un seguro obligatorio, luego de haberse disparado los precios



Norman Maxwell. © Etén Rodríguez

para tramitar las fichas, algo que está ocurriendo en otras federaciones autonómicas, y que se está

Rugby

Faro de Vigo, 2 de setembro de 2015



FARO DE VIGO  
 JUEVES, 17 DE SEPTIEMBRE DE 2015

DEPORTES • 43

RUGBY > División de Honor B

## El Blusens Networks aplaza la primera jornada al carecer de seguro médico

El club confía en la resolución del problema para debutar el día 27 ante El Salvador

de GONZÁLEZ • Vigo

Después de cuatro años en la máxima categoría del rugby español el descenso a División de Honor B ha obligado al Blusens Universidad de Vigo a una profunda reestructuración. Comandados por el All Black Norman Maxwell en el cuerpo técnico, donde ejerce el de entrenador principal y con el regreso de José Ángel Martín Tello, "Troki", el Blusens, que añade a su nombre el de un nuevo patrocinador: Networks, anuncia con ilusión ante una nueva campaña, pero con la incertidumbre de si se resolverá su problema con la cobertura médica para poder iniciar la competición.

Estaba previsto que el conjunto vigués disputase su primer partido este domingo ante el Durango. La ausencia de cobertura médica les ha obligado a aplazar dicho partido hasta el 15 de noviembre y a retrasar su inicio de competición hasta el próximo fin de semana ante El Salvador.

La subida del precio del seguro médico que consideran desorbitada, se basa en los altos datos de siniestralidad de la temporada pasada. El Blusens Networks es uno de los grandes damnificados de esta situación, junto al CRAT de A Coruña, con el que comparte calendario esta temporada. El equipo femenino, los dos equipos sénior y el sub 18 se encuentran en la misma situación.

"El rugby gallego está atravesando un momento de dificultad por un problema que tiene con las compañías de seguros", se lamenta el presidente del Vigo Rugby Club, Ramón González Babé. "En estos momentos tenemos una compañía que está dispuesta a cotizar pero a unos precios absolutamente desorbitados y los equipos que vamos a iniciar la competición en División de Honor B, que somos el Blusens y el CRAT no tenemos seguro". En este sentido, Babé indica que "estamos a la espera de que por parte tanto de la Xunta, que se ha implicado en este asunto, co-



Autoridades, cuerpo técnico y algunos de los jugadores, ayer en la presentación. A José Leira

### LA PLANTILLA

JUGADOR	POSICIÓN	EDAD	ALTURA	PESO
Vicente Prieto Mann	Talonador	29	1,83	102
Oscar Ferreres Saúda	Talonador	30	1,92	104
Marcos Muñoz Meijide	Primera Línea	23	1,83	102
David Redondo Álvarez	Primera Línea	37	1,98	118
Juan Manuel Fouz Raima	Primera Línea	34	1,84	102
Falestria Telaar	Primera Línea	37	1,81	118
Carlos López Marques	Segunda Línea	24	1,89	98
Javier Abadía Vila	Tercera Línea	23	1,85	100
Victor Balado Sanchez	Tercera Línea	23	1,81	97
José Juan Maguina Lago	Medio Melá	24	1,78	70
Jorge Barbedo Sampedro	Primera Línea	24	1,90	103
Mauro Gó. Montenegro	Centro	26	1,86	87
Carlos De Cabo Calvo	Centro	38	1,84	79
David Rivero Rivera	Ala Zaguero	28	1,78	81
Adolfo Rodríguez Urzua	Apertura Zaguero	24	1,78	73
Adrien Fernandez Foz	Tercera Línea	25	1,86	95
Alvaro Candia Tabares	Tercera Línea	22	1,81	74
José Antonio Calvo Arado	Ala Zaguero	23	1,87	80
Agustín Francisco Bargaña	Tercera Línea	28	1,79	80
Kevin W. De Silva	Ala Zaguero	19	1,82	90
Jesus Moure Rosende	Primera Línea	24	1,79	95
Marcos Romero	Segunda Línea	24	1,90	95
Santiago Gutiérrez	Centro	20	1,80	80

### CALENDARIO

PRIMERA LÍNEA	SEGUNDA LÍNEA
03/11/2015/2015	12/12/2015/2015
Durango - Blusens	
02/12/2015/2015	13/10/2015/2015
Blusens - El Salvador	
03/10/2015	14/11/2015/2015
Blusens - La Unión	
04/10/2015	15/10/2015/2015
Berg Berg - Blusens	
05/10/2015	16/10/2015/2015
Blusens - Eibar	
06/11/2015	17/10/2015/2015
Valladolid - Blusens	
07/11/2015	18/10/2015/2015
Blusens - Unibesaidea	
08/12/2015	19/10/2015/2015
CRAT - Blusens	
09/09/2015	20/10/2015/2015
Blusens - A. Burgos	
10/10/2015	21/10/2015/2015
Zeráurtz - Blusens	
11/10/2015	22/10/2015/2015
Blusens - Oviedo	

\* El partido de la primera jornada ha sido aplazado al 15/11/2015

mo de la Federación Gallega y de la Española nos den una solución porque a una semana y media de empezar a competir ya hemos aplazado la jornada de este fin de semana, estamos sin noticias del seguro y todavía no sabemos cuál será la resolución del problema", se lamenta.

"No hemos podido disputar ningún amistoso esta pretemporada", subraya "Troki". El Blusens todavía estaba ayer pendiente de confirmar un amistoso con el CRAT, pero este fin de semana ya que estaban tratando de contratar una póliza con cobertura para un solo día.

El delegado de la Xunta Daniel Benavides, presente ayer en la presentación del equipo inglés que el secretario de la Xunta, José Ramón Leira, está muy preocupado por la situación de los seguros. Benavides precisó que "está garantizado el seguro deportivo de los 6 a los 16 años, porque lo asume la Xunta de Galicia" y que "se están haciendo gestiones incluso con la Asociación de Federaciones Gallegas con la que está buscando hacer causa común para intentar buscar una solución y tratar de abaratar lo que es el seguro deportivo de esta modalidad deportiva", añade.

La situación ha influido de forma significativa en el trabajo de pretemporada del equipo vigués. "No hemos hecho contactos", reconoce "Troki", que confía en la resolución del conflicto a tiempo para que el Blusens Networks pueda jugar su primer partido ante El Salvador en As Lagoas el próximo 27 de septiembre.

"No nos fijamos un reto concreto de acceder o no acceder. Lo que queremos es apostar las bases del club a nivel estructural, pero es evidente que esta situación nos impide desarrollarlo como debiéramos el potencial del equipo y que los primeros partidos que jugamos serán de preparación", añade el director deportivo.

Dentro de la plantilla se han resiliado algunos cambios, como la salida de casi todos los extranjeros como Mpho Mpho o Lee Murray, a excepción de Mala Tatala, que continuará una temporada más.

En cuanto a los jugadores nacionales se marchan Borja Vera, a CRC Madrid, Rubén Rodríguez a Campus Durazno y Mairim Benteo, que se retira. "Nuestro activo serán los jugadores de casa", subraya Babé.

Rugby

Faro de Vigo, 17 de setembro de 2015

Axenda

AS LIGAS UNIVERSITARIAS PRECISAN ÁRBITROS E COORDINADORES

Como en pasadas ocasións, o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo fai un chamamento para todos aqueles interesados en participar como árbitros e coordinadores (de árbitros e de competición) das Ligas Universitarias do Campus de Vigo para este curso. Para todos os seleccionados haberá unhas serie de axudas (que non son bolsas) que se repartiran segundo as modalidades: 10 son para Fútbol Sala, 10 de Fútbol 7, unha de coordinador de árbitros e outras de competición. O período de colaboración será desde outubro ata maio, cunha media de dous ou tres encontros á semana. O prazo de entrega das solicitudes é ata o 10 de outubro e poderán solicitar máis información no Servizo de Deportes. O importe destas axudas oscila entre os 300 e os 400 euros por cada curso-mes. Ademais, outorgan 2 créditos de libre elección ou 30 horas válidas por créditos optativos ECTS.

# Outono pasado por auga para comezar o curso universitario

Augaventura-Campus Mar Life Outono 2015 reúne cinco actividades en setembro e outubro

S.A. S. de Actividades Deportivas e de Espectáculos

O Servizo de Deportes da Universidade de Vigo vai apoiar polos deportes acuáticos a súa nova edición de Augaventura-Campus Mar Life Outono 2015, onde propoñerá cinco actividades estas son: Buzinamento de Surf, Rafting, Buzinamento de Vela, Windsurf e a Ruta da Illa de San Simón (Katala-Andalucía).

Todas as inscricións e pagamentos deberán realizarse en www.deportes.universitas.es e están destinados aos membros da comunidade universitaria (Alumnos, FPI e PAS) e aos das institucións que formen parte da Agrupación de I+D do Campus do Mar.

O Buzinamento de Surf celebrarse no Praia de Pratos (Nizgiri) coa colaboración de Praia Surf Eólica. O prazo da actividade é de 3 meses para o voluntariado e Campus Mar TDU e 5 euros para o resto da comunidade universitaria. A actividade será desenvolvida durante aproximadamente dúas horas, despois volverase en días de: o 27 de setembro e o 1 de outubro,

OS DESTINATARIOS SON OS Membros DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA E DAS INSTITUCIÓNS QUE FORMAN PARTE DA AGRUPACIÓN I+D DO CAMPUS DO MAR

segundo as datas límite para anotarse os días 30 e 07 de setembro, respectivamente.

A actividade Arripados será acuática baseada na actividade de Rafting que será o día 2 de outubro, con data límite para anotarse o 23 de setembro. Levantase a cabo no río Miño, á altura de Arbo. O prazo é de 10 euros para os voluntarios e de 15 para o resto da comunidade universitaria. A actividade prolongarase durante catro horas.

A ruta Illa de San Simón (Katala-Andalucía) celebrase o 3 de outubro (data límite de inscrición será o 27 de setembro). O prazo desta proposta oscila de 7 euros para os voluntarios e 10 euros para o resto da comunidade universitaria. Celebrase esta actividade Maravilla



Campes de actividades organizadas polo Servizo de Deportes.

e deservir sobre a illa de San Simón e é de dificultade baixa.

Augante das propostas e Buzinamento de Vela que se fará a Escuda de Vela do Real Club Náutico de Vigo. Nesta actividade colabora o Real Club Náutico de Vigo e realízase o 26 de setembro. O prazo é de 3 e 8 euros, para voluntarios e resto da comunidade universitaria, respectivamente. A actividade Windsurf será a

quinta das propostas para Augaventura-Campus Mar Life Outono 2015, unha actividade para a que contamos coa colaboración de Terra y Mar que se realizará na Escuda de Vela Federación Galega Vela-Buzos. O prazo oscila entre os 7 e os 10 euros e se desenvolve ao longo de dúas horas aproximadamente. O 22 de setembro é a data límite de inscrición e o día de realización o vindeiro 29 de setembro.

## Arrancan as Rutas Culturais con cinco propostas novidasas

Once destinos e múltiples experiencias ofertadas polo Servizo de Deportes

S.A. S. de Actividades Deportivas e de Espectáculos

Trátase dunha das actividades deportivas máis agardadas na nova pólis sensores das actividades de actividades. O Servizo de Deportes da Universidade presenta unha nova edición das Rutas Culturais ofertadas a once destinos das que cinco ou seis novidadeiras se realízan de novo. A inscrición faise online en www.deportes.universitas.es como na pasada edición, pero conta como se participa novidadeiro de poder inscribirse a cada

A PRIMEIRA DAS RUTAS SERÁ O RIBEIRO-PENIA CORNEIRA O VINDEIRO 24 DE OUTUBRO

ruta desde quince días antes da súa celebración e ata o mes anterior á mesma. Os interesados poderán adquirir abonos para 4, 8 ou as 11 rutas e o prezo aínda está por determinar polo Servizo de Deportes. A participación será 24 de outo-

bre, a Ruta de Ribeiro-Peña Corneira, de dificultade media-alta de 30 km. A Universidade de Vigo donará seis euros de cada un dos participantes nesta ruta a Cruz Vermella. Ademais desta primeira ruta destácase a Ruta do Molino e a de Fraga do Rio Eume pola súa extrema beleza. Són outras novidades outras rutas novas como Fragas e Lavados do Cabo e Deva, Ruta do Parque botánico de Ourense-Magosto e Ruta histórica de Mos, que se suman ás xa existentes ata sumar once propostas deportivas e culturais.



Fotografía na pasada edición de Ruta do Fitoiro.

Augaventura e Rutas culturais  
Universitas, 17 de setembro de 2015

---

Atletismo

## **Correndo por Ourense llega hasta la zona universitaria**

---

OURENSE / LA VOZ

Con el horario habitual de las citas matinales, desde las 12.00, el circuito de pruebas pedestres Correndo por Ourense llega hoy a su penúltima convocatoria en la Zona Universitaria, con el estadio del campus como centro neurálgico, salida y meta de la actividad deportiva. La carrera sénior, con veteranos, juveniles, juniors y promesas cerrará la serie a las 12.30 horas.

*Correndo por Ourense*

La Voz de Galicia, 27 de  
setembro de 2015



La zona universitaria fue un hervidero en todas las salidas de la penúltima cita de la programación municipal. SANMI AMB.

## Atletismo Iria Fernández sigue dominando el circuito «Correndo por Ourense» Paredes cobra ventaja en el Campus

**LUIS M. RODRÍGUEZ**  
OURENSE / LA VOZ

Continúa el mano a mano entre Javier Paredes y Luis Iglesias Raña, por el triunfo en las carreras del circuito popular pedestre «Correndo por Ourense», que ayer celebró su penúltima cita en la zona del complejo universitario capitalino. El competidor de Ourense nunhing se impuso esta vez a su máximo rival y se apresura a revalidar el número uno del certamen.

El ganador en la meta del estadio universitario paró el crono en

un tiempo de 20:53 minutos. De hecho, fue el único que bajó de la barrera de los veintuna, porque su el segundo del pelotón se quedó 17 segundos. Con un registro de 21:35, firmó otro podio José Manuel Corral, con lo cual los deportistas del Azeitigo carballiñés siguen siendo habituales en las posiciones de privilegio, a las que ha regresado Jorge Ignacio Silva, en la cuarta plaza, por delante del veterano Saturnino González, otro de los fijos.

Más claro es el dominio de Iria Fernández en el apartado femenino, como demostró al sumar

un nuevo triunfo con un crono de 24:45 minutos. Sonia Teijeiro se quedó a 68 segundos, mientras que Ana María Ocampo también se quedó muy lejos de la clara campeona del certamen.

Como viene siendo habitual, la pugna de la categoría Píndos abrió el cartel al mediodía, para seguir con el resto de las categorías y terminar en la disputa de Sénior, Veterano, Juvenil, Júnior y Promesa, ya sobre el recorrido completo de 6.400 metros.

El trazado, desde el estadio, tomó dirección hacia Casarellas, para proseguir por Bamio, Raba-

za, Mende, Ponte Leoniá, Villamil y Castro, antes de retornar a las pistas del campus.

A partir del momento en que se cruzó la meta, solo queda pendiente la clausura del circuito en A Carballeira, la cita prevista para el mes de octubre —en concreto el día 25—, que completará las clasificaciones generales en cada categoría, incluyendo a los que contabilicen al menos cinco de las seis disputas establecidas en la programación. Todo un aperitivo antes de la multitudinaria popular de San Martiño, la gran clásica ourensana.

*Correndo por Ourense*

La Voz de Galicia, 28 de setembro de 2015

## Ourense reunirá a casi doscientos deportistas universitarios

OURENSE / LA VOZ

Modalidades competitivas como el fútbol, baloncesto, rugby o ajedrez serán el referente de los Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses, que se disputarán en la ciudad de Ourense los próximos 24 y 25 de noviembre.

Se trata de una convocatoria que ha alcanzado una respetable trayectoria, al punto de cumplir veintinueve años en la edición de este año, con una cifra estimada de participantes que se acercará a los doscientos practicantes, procedentes de distintos puntos de Galicia y del norte de Portugal, que además permitirá estrechar lazos a estudiantes de las universidades de A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, además de la de Porto.

La comisión organizadora incluye también a la Fundación CEER y a la Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, que con los citados centros educativos cerraron en Ourense los detalles de la competición. «O importante destes xogos non é a competición senón a convivencia que se produce entre estudantes de seis universidades lusas e galegas. A competición deportiva é unha escusa para o fomento da actividade física entre a comunidade universitaria», explicou Rodrigo Alberto Pivida, responsable do Servizo de Deportes do campus de Ourense, a la hora de dar a conocer las fechas elegidas.

*Correndo por Ourense*

La Voz de Galicia,  
20 de outubro de 2015

# Os Martes ConVida seguen a promover estilos de vida saudable

Nos tres campus da Universidade ubicaranse expositores durante todo o curso

**ASACODEN** LA VITINA  
@asacoden@uniovi.es

